

FRANCISCO FERNÁNDEZ NAVAL
ESCRITOR, AUTOR DEL POEMARIO «MIÑO»

«HAI UNHA INOCENCIA QUE SOBREVIVE EN NÓS E QUE NOS FAI SER MELLORES»

Francisco Fernández Naval presentou esta semana un poemario que quere pescudar e preservar a inocencia «que move as cousas importantes da vida» nunha paisaxe á que están ligadas, o río Miño. Publicado por Espiral Maior, o libro gañou o premio de poesía Cidade de Ourense.

—¿Por que a inocencia como motivo e o Miño como paisaxe?

—Hai unha identificación entre a inocencia e a paisaxe da infancia. Estes días citáronse moito uns versos: «Para que yo me llame Ángel González, / para que mi ser pese sobre el suelo, / fue necesario un ancho espacio / y un largo tiempo». En *Miño* están esas dúas condicións: o ancho espazo daquel territorio e tamén o longo tempo da estirpe. Pero falo da inocencia desde a perspectiva do agora. Falo dunha inocencia que sobrevive en min, daqueles impulsos inocentes da infancia e da adolescencia que aínda están aquí e que eu creo que forman parte do mellor das intencións da especie.

—Pero agora a inocencia semella a contracorrente, difícil de preservar.

—Falo de inocencia e non de inxenuidade, que son cousas que non se deberían confundir. Preservar a inocencia é un dos cometidos do libro porque é unha obviedade que é difícil ser inocente. Ao final, sen embargo, case todo o mundo acaba por recoñecer ao neno que conserva e iso é outro xeito de recoñecer a inocencia.

—Os seus dous últimos poemarios, «Mar de Lira» e «Miño» parten dunha referencia territorial moi clara. ¿Son libros relacionados?

—Son libros complementarios.



SANTI M. AMIL

Francisco Fernández Naval presentou o seu poemario esta semana en Ourense

«Falo dunha inocencia que sobrevive en min, daqueles impulsos inocentes da infancia e da adolescencia que aínda están aquí e que eu creo que forman parte do mellor das intencións da especie»

Mar de Lira está escrito desde a perspectiva externa: é un espazo ao que eu chego. *Miño* é un libro escrito de dentro a fóra, procede dun territorio do que non preciso apropiarme coa linguaxe porque eu xa estaba nel.

—¿Este poemario pecha algún ciclo no que se foi acentuando a intimidade dos argumentos?

—Pode ser que a miña poesía fose cada vez máis íntima, sen embargo, despois de escoitar algunhas opinións sobre *Miño*, creo que máis que cerrar unha etapa estase abrindo un ciclo. Hai quen asegura que se está abrindo algo para a escrita futura que, en parte, pode ser unha relación do autor consigo mesmo que ata agora non existía. Desde un punto de vista vital pode ser que supoña un certo fin de ciclo, pero

desde o literario é unha indicación ao futuro. Cando rematei pensaba que escribira sempre para escribir este libro e agora penso que este libro está escrito para abrir paso aos seguintes.

—O seu primeiro premio de poesía foi o Cidade de Ourense, vinte e sete anos despois volve gañar o mesmo premio.

—Eu quería que fose en Ourense. Hai un simbolismo niso porque en certo xeito, e aquí si, hai un ciclo que tiña que pechar: un regreso ao inicio e un recoñecemento.

—Acaba de deixar a subdirección de Creación. ¿Como foi?

—Foron 18 meses de traballo intenso e esixente. Estaba canso e quería facer outras cousas, decidín volver ao ritmo anterior.

Camilo Franco